

Secretaría Xeral

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE OUTUBRO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1. APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL NÚMS. 41, 42 E 43 DE DATAS 28 DE SETEMBRO DE 2015, 2 DE OUTUBRO DE 2015 E 9 DE OUTUBRO DE 2015.**

Acordouse aprobar as actas núms. 41/2015, 41/2015 e 42/2015, de 28 de setembro de 2015, 2 de outubro de 2015 e 9 de outubro de 2015 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para o acondicionamento de**



Secretaría Xeral

**local para perruquería na rúa Colón, 21, baixo, Lalín,** e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 07/10/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 72,75 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**3.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARCIAL** para unha vivenda sita na rúa C, 19, 2ºA, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 13/10/15 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**3.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARCIAL** para unha vivenda sita na rúa C, 19, baixo B, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 14/10/15 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.**

**4.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para o acondicionamento de local para consulta de fisioterapia na Avda. Monte do Faro, 83, baixo, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/10/15 por importe de de 52,08 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **5.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE ACTIVIDADE.**

**5.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para venda, exposición de materiais de calefacción e atención ao público nun local sito na Praza da Marina, 4, baixo, Lalín.

**5.2.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para taller de vidros e parabrisas de vehículos automóbiles na rúa Areal, 38, baixo, Lalín, .



## **6.- INFORME PREVIO.**

**6.1.-** Acordouse aprobar o informe do técnico municipal, de data 10/10/15 en relación a **solicitude de licenza de obras para reparación na Igrexa parroquial de Santa María de Xaxán, Lalín** e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

## **7.- INFORME URBANÍSTICO.**


**7.1.-** Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 10/02/15, sobre información urbanística dunhas parcelas no polígono industrial Lalín 2000, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 07/04/2015 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

## **8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**8.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista **ULLA OIL, S.L.** o contrato administrativo denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN PARA OS EDIFICIOS MUNICIPAIS DE LALÍN” (CSU042013)** . A prórroga terá unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, extenderanse desde o día 6 de novembro de 2015 ata o día 5 de novembro de 2016.

**8.2.-** Acordouse designar responsable do contrato denominado **“SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE042015)** a **D. Antonio Bernárdez Nogueira**, Arquitecto Técnico Municipal.

**8.3.-** Acordouse resolver o contrato administrativo denominado *“Servizo de Mantemento do Campo de Fútbol Manuel Ángel Cortizo”* *adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xaneiro de 2015* e notificarlle o presente acordo ao adxudicatario, indicándolle que a resolución terá efectos desde o día 1 de novembro de 2015 e, xa que logo o último día de prestación do servizo será o día 31 de outubro de 2015. Así mesmo acordouse recoñecer unha obriga por importe de 163,26 € a favor do contratista, como indemnización en aplicación do artigo 225.5 TRLCSP (correspondente ao 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar).



## **9.- EXPEDIENTE DE ALTA EN AUGA.**

Acordouse **autorizar unha solicitude** de contrato de auga no lugar de Bailás, núm. 11, baixo, parroquia de Goiás.

## **10.- FACTURAS E CONTAS.**

**10.1.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 19 de outubro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **63314,02 euros**.

## **11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**11.1.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos parciais do investimento **“PAVIMENTACIÓN DE VÍAS EN CAMPOSANCOS, OUTEIRO (BARCIA) E DOADE”**, por importe de 183.169,61 €, cumpríndose, ata o momento, a finalidade da subvención concedida, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida.

**11.2.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“DESBROCES NA REDE VIARIA EN ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ANZO, LOSÓN, VILATUXE E OUTROS”**, por importe de 24.702,96 €, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida.

**11.3.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“PAVIMENTACIÓN DAS PISTAS DE TENIS”**, por importe de 37.755,63 €, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida.

**11.4.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento **“RECRECIDO DO FIRME E MELLORA DA PISTA PRAIA FLUVIAL DE VILATUXE, AGRUHAVE E TORGUEDO-CATASÓS, ATEÁN, GOIÁS E OUTROS-LALÍN”**, por importe de 205.700,00 €, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida.



**11.5.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.298,05 €, IVE incluído e contratar coa empresa METALBO LALÍN, S.L. (CIF. B-94056967) as obras descritas e valoradas no “**MODIFICADO DE MEMORIA DE INSTALACIÓN DE PORTA CORTAVENTOS NA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN**”, con suxeición ó réxime dos contratos menores de obra. Así mesmo, acordouse autorizar o gasto por importe total de 1.800 € para a realización de xornadas/obradoiros de “visual merchandising”, cumprindo co establecido na orde reguladora.

**11.6.-** Acordouse contratar coa empresa **XARDÍN DEZA, S.L.**, a tala de árbores no curso do río Pontiñas (estimada en 80 unidades) que se atopan secas e en mal estado, con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos e autorizar e comprometer un gasto por importe de 9.196 (IVE incluído) para atender ó gasto derivado do citado contrato menor de servizos con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente.

**11.7.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de **SETEMBRO de 2015**, por importe total de 6.155,49 €, recoñecer dereitos por dito importe con cargo ó concepto **341.00** do Presuposto Municipal vixente e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de SETEMBRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 27.065,08 €.

**11.8.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de **SETEMBRO de 2015**, por importe total de 693,44 €, recoñecer dereitos por dito importe con cargo ó concepto **341.00** do Presuposto Municipal vixente, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, prestado durante o mes de SETEMBRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.913,68 €.

**11.9.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.726,80 € (IVE engadido) con destino ao aluguer dun vehículo de 9 prazas para o desprazamento dos alumnos/as traballadores/as do Obradoiro de Emprego “Pazo de Liñares” co importe total 2.894,46 €, imputables ao módulo B da subvención concedida para o obradoiro (xuntase escrito do xefe da sección de obradoiros de emprego da xefatura territorial), e os restantes



Secretaría Xeral

832,34 € con cargo ao orzamento municipal e contratar coa empresa **Autos Brea, S.L**, o aluguer do vehículo VW Transporter 9 prazas 8264JGF, con suxeición ao réxime dos contratos menores de subministros.

**11.10.-** Acordouse **dar de alta no Inventario de Bens Municipais como bens patrimoniais** a parcela con localización catastral 3538506NH7233N0001SA, de 11 m2 de superficie e sita na Avda de Rodeiro, chan 36.500.Lalín, Pontevedra, cunha valoración de 391,18 euros.

**11.11.-** Acordouse **modificar no Inventario de Bens Municipais o valor catastral do ben urbano seguinte**, coa seguinte descripción do mesmo: **211 Auditorio de Vilatuxe** para que se reflexe nese valor catastral o valor do chan de 29.900 € (prezo de adquisición). Valor total incluído terreo e edificación 425.226,92 euros.

**11.12.-** Acordouse a concesión da tarxeta de Estacionamento para persoas con minusvalía **número 09/2015**.


**11.13.-** Acordouse recoñecer a obriga de pagamento da cantidade de 8.063,20 € á Deputación de Pontevedra, polo servizo de recollida de animais abandonados do ano 2015 conforme ao convenio asinado con esta entidade e de acordo co informe do Técnico de Medio Ambiente.

**11.14.-** Acordouse **conceder licenza de segregación á seguinte parcela** sita na parroquia de Castro de Cabras na pista municipal que une a Rocha con Alemparte para a cesión ó sistema viario do Concello de Lalín, e **aceptar a doazón, cesión voluntaria e gratuíta ao Concello de Lalín da parcela segregada de 28 m2 de superficie**.

**11.15.-** Acordouse aprobar as Bases de selección de persoal laboral temporal para a contratación de 34 traballadores/as dentro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

## **12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**12.1.- Autorízouse á Asociación de Empresarios de Deza o uso do Lalín Arena** para a realización da segunda edición do desfile benéfico do Comercio de Lalín o sábado día 7 de novembro de 2015, durante todo o día para o montaxe do escenario (o horario do desfile será ás 20:30 horas).



**12.2.- Acordouse autorizar ao titular da licenza de taxi núm. 42,** para a colocación de algunhas marcas propagandísticas no taxi da súa propiedade coa licenza número 15 cunha pegatina con 3 anuncios de 25 x 30 cms, indicando que **dita publicidade deberá colocarse nas portas traseiras e maletero.**

**12.3.- Acordouse autorizar o uso da Aula CEMIT** sita no Auditorio de Lalín para realizar un curso de iniciación á fotografía durante o días (luns, mércores e xoves) 9, 11, 12, 16, 18, 19, 23, 25, 26 e 30 de novembro de 2015, en horario de 16:00 horas a 20:00 horas.

**12.4.- Acordouse autorizar á Rede de investigación en Agroecoloxía e Historia composta por varios grupos de investigación as universidades galegas** o uso da sala de prensa do Concello de Lalín, para a celebración do Encontro: Rural Imaxinado, para o venres día 13 de novembro de 2015, dende as 9:00 horas ata as 20:00 horas.

**12.5.- Acordouse autorizar a Radio ECCA Fundación Canaria** a cesión da Aula CEMIT do Concello de Lalín con 15 postos e ordenadores para impartir un curso de Alfabetización dixital para o emprego dirixido a 15 usuarios do Plan Galego de Inclusión Social, os días 10, 12, 13, 17, 19, 20 e 24 de novembro de 2015 en horario de 9:00 horas a 13:00 horas e o día 27 en horario de 9:00 horas a 13:00 horas.

=====

